

As mulleres que deben afrontar a actividade laboral e ademais o traballo doméstico

Desde a Secretaría da Muller da Confederación Inter-sindical Galega queremos aproveitar a conmemoración do 8 de marzo para denunciar a situación que caracteriza a vida da maioría das mulleres adultas na nosa sociedade. Estamos falar da dobre presenza, ou máis coloquialmente, da dobre xornada, termo co que se adxectiva a vida cotiá daquelas mulleres que deben afrontar a actividade laboral e o traballo doméstico ou familiar (o traballo reprodutivo) como único horizonte viábel e obrigado. E esa suposta conciliación, aínda na súa diversidade, lévaas a compartir un elemento común: a falta de tempo para vivir. Un traballo que sen estar recoñecido social e economicamente resulta imprescindible para que as sociedades actuais subsistan.

A dobre presenza é o termo que define esa dobre carga de traballo feminino. Esta dobre carga, aínda que recae nas mulleres adultas, faise visíbel maioritariamente a través do coidado dos fillos e fillas pero persiste e acen-túase na actualidade, dado o crecente envellecemento da poboación, coas tarefas de atención e coidado das persoas maiores.

As mulleres e os homes da CIG reivindicamos as seguintes solucións á dobre presenza no marco da empresa e do fogar:

- No marco da empresa é preciso identificar, dimensionar e actuar sobre este risco, a metodoloxía de avaliación de riscos e de prevención ten que ter en conta, a través da distribución do tempo de traballo e a concreción, difusión e ampliación dos dereitos recollidos na normativa existente relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral.
- No fogar é preciso unha maior implicación dos membros da unidade familiar e que o traballo doméstico sexa compartido polo conxunto de persoas que conviven no fogar.

- É preciso unha mellora da infraestrutura e servizos sociais públicos, no referente a atención e coidado dos e das menores e persoas dependentes. O futuro desexábel é que todas e todos os traballadores asumamos a carga total do traballo necesaria para que esta sociedade subsista. E iso significa que se debe repartir non só o emprego, senón todo o traballo, incluíndo neste concepto o traballo reprodutivo. Nesta dobre loita e nesta dobre resposta dos homes e das mulleres traballadoras é preciso a intervención dos organismos que son capaces de conxugar as vontades políticas e os recursos públicos necesarios, facendo realidade o lema de máis feitos e menos palabras.

Loitando contra a dobre presenza: Dobre loita, dobre resposta



Confederación Intersindical Galega
Secretaría Confederal da Muller

Alfonso Molina s/n, 8º (Edificio sindical)
15008 A Coruña

Teléfono: 981 900 633 - Fax: 981 151 539

Correos:

muller@galizacig.net

tecnica.igualdade@galizacig.net



Loitando contra a dobre presenza: Dobre loita, dobre resposta



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com



Secretaría da muller

Pola equiparación entre as condicións laborais de homes e mulleres

O 8 de marzo é unha data na que reflexionamos a respecto das condicións vitais e laborais da muller traballadora no mundo e na sociedade na que vivimos.

En Galiza levamos séculos loitando pola equiparación entre as condicións laborais ou profesionais do home e da muller. Aínda hoxe denunciemos que as mulleres seguimos sufrindo violencia e discriminación, tanto nos ámbitos da saúde, a reprodución e a educación, como nos ámbitos da promoción profesional, intelectual e política. Seguimos atopando un teito de cristal que limita a nosa equiparación cos homes, sobre todo cando queremos acceder a postos de liderado político, económico, social, intelectual.

Pero por se isto non é pouco, a muller destina moitas máis horas ca o home por xornada laboral ás tarefas domésticas, de xeito que o fogar segue a ser o segundo centro de traballo para a muller, un traballo que non é remunerado e que lle impide descansar do traballo realizado fóra de casa.

A dobre presenza estase a converter no asasino silencioso de moitas mulleres. Aínda que non se vexa, a saúde das traballadoras está sendo grave-

A dobre presenza causa graves problemas de saúde ás mulleres

mente afectada. A dobre e mesmo ás veces tripla xornada de traballo que enfrontan miles de galegas está causando graves problemas de saúde física e psicolóxica que irremediabelmente afecta ao desempeño laboral e familiar destas. Cada vez son máis as traballadoras que sofren estrés, depresión, ansiedade, insomnio, trastornos de alimentación, ataques cardíacos, e accidentes relacionados coa carga de traballo. As esixencias dos traballos formais sumadas a todas as tarefas domésticas e ao coidado dos fillos e das fillas crea nas mulleres traballadoras situacións de estrés físico e emocional que, acumulado, se traduce en enfermidades que poden comprometer seriamente a súa saúde.

Rachar coa división social e sexual do traballo no interior do fogar familiar implica un gran esforzo colectivo. Require amosar as raíces estruturais de tal división e a importancia política do pacto social

É preciso rematar coa división social e sexual do traballo

que a mantén. Pero para isto tamén precisamos unhas políticas sociais que atendan as carencias materiais da conciliación pero que ademais sexan capaces de mudar as pautas e os valores que hoxe en día sosteñen o mencionado modelo.

Desde a Secretaría da Muller da CIG cremos necesario denunciar esta situación. As traballadoras debemos organizarnos e deter a explotación da dobre xornada de traballo. As mulleres temos que garantir o tempo para participarmos da vida pública, política, sindical e cultural do país.

**Neste día da Muller Traballadora
denunciemos a dobre presenza e as súas consecuencias
e loitemos por mudar as nosas vidas**